



**MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO ACORDO DO VINTE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO, ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS ORGANIZACIÓN SINDICAIS ANPE, CC.OO, CSI-CSIF E FeSP-UGT, SOBRE O ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE EN CALIDADE DE PROFESOR INERINO E SUBSTITUTO.**

Na oferta de emprego do ano 2019 convócase a especialidade de "inglés" do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas. Isto obriga a elaborar unha lista desta especialidade no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, coa finalidade de cubrir as interinidades e substitucións que procedan. Coa finalidade de preservar os dereitos das persoas que viñan prestando servizos como persoal interino e substituto nesta especialidade nas escolas oficiais de idiomas, acórdase engadir un punto 5 á disposición adicional primeira do Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, coa seguinte redación:

5. Cando se convoque o concurso-oposición na especialidade de "inglés" do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, configurarase a lista da mesma entre as persoas que se presenten ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as pertencentes á lista de "inglés" do corpo de profesores de ensino secundario incluídas no punto 1 do apartado 2 do presente acordo, sempre que se presenten ao procedemento selectivo por calquera especialidade.

Santiago de Compostela, .....xaneiro de 2019

***POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E  
FORMACIÓN PROFESIONAL***

**O director xeral de Centros e Recursos Humanos**

**José Manuel Pinal Rodríguez**

**POR**

